

## COMPOSICIÓN 23. ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

Tala Guerra Civil española(1936-1939) e ata os anos 50 a política exterior española estivo marcada polo illamento internacional imposto tralo remate da II Guerra Mundial, dada a condición do réxime franquista como unha Ditadura apoiada pola Alemaña nazi e a Italia fascista. Nos anos 50, por mor da Guerra Fría e a situación estratéxica de España, España recibirá o recoñecemento dos EE.UU. que, en troques da apertura de bases militares, permitirá o acceso de España a Institucións internacionais como a ONU, o Fondo Monetario Internacional... As institucións europeas rexeitaron a integración de España mentres estivese sometida a un réxime ditatorial.

### Integración de España na CEE


A morte de Franco facilitou o proceso de integración de España en Europa. En 1977 o presidente Adolfo Suárez presentou unha solicitude de adhesión á CEE, Comunidade Económica Europea. Tralo ditame favorable da Comisión Europea, iniciáronse en 1979 as negociacións entre o goberno español e a CEE, paralelas as mantidas con Portugal e Grecia, os outros dous países solicitantes. As principais dificultades para a integración de España na CEE residían na **Política Agraria Común (PAC)** e na posible **incorporación de rexións desfavorecidas**.

2 eran os principais problemas relacionados coa agricultura: a competencia dos produtos agrícolas españois, portugueses e gregos, que ameazaban as rendas dos agricultores europeos, especialmente dos franceses (foron frecuentes as protestas de agricultores franceses coa realización de bloqueos ós camións que transportaban produtos agrarios españois); as reticencias de Reino Unido a seguir subvencionando cos presupostos da CEE á agricultura europea, pois as axudas á agricultura supuñan case o 80% do presuposto comunitario. Doutra banda, a incorporación destes países suporía importantes gastos para a CEE, polos **fondos estruturais** que deberían ser destinados ás numerosas rexións desfavorecidas do Mediterráneo.

O intento do Golpe de Estado do 23 F de 1981 supuxo un punto culminante nas negociacións. O fracaso do Golpe amosaba unha España que non estaba disposta a dar marcha atrás no proceso cara á implantación da democracia (requisito xa exposto en 1962 como condición indispensable para a integración de España como resposta á petición de adhesión feita polo goberno de Franco).O Parlamento Europeo respondeu cunha declaración a prol do proceso de consolidación da democracia en España e acelerou o proceso da súa adhesión. A concesión do Premio Carlomagno ó Rei Xoan Carlos, manifestaba o recoñecemento simbólico do afán de España por superar o illamento internacional e procurar a modernización a través da integración en Europa. En xuño de 1985, a CEE aprobou o ingreso de España e Portugal como membros de pleno dereito desde xaneiro de 1986.

A entrada de España na CEE permitiu a súa integración plena en todas as institucións europeas e importantes avances económicos e sociais. España experimentou un grande desenvolvemento e o crecemento do seu PIB. Como requisito para a súa integración tivo que reestruturar a súa economía, tendo que acollerse ás directrices comúns en política económica como o control de inflación e do déficit público e no fisco coa creación do IVE. Nos anos iniciais da incorporación, a CEE impuxo restricións á produción e cotas que limitaron o desenvolvemento dalgúns sectores económicos importantes como a pesca e a produción de leite, viño, aceite... que afectaron negativamente ó sector agropecuario e pesqueiro do Levante e Galicia.

Como contrapartida España experimentou a modernización do sistema económico, a estabilidade macroeconómica, a apertura e a expansión das empresas españolas cara ó exterior, a construción de numerosas infraestruturas e a renovación dos sectores produtivos, promovéndose o desenvolvemento tecnolóxico que posibilitaron o crecemento do PIB e a consolidación do estado de benestar. Ademais a CEE dotou de fondos estruturais, a partir do Tratado de Maastrich en 1992, para reducir ou limitar as desigualdade entre as rexións que a configuran.



0 ESPANA 1986 INGRESO DE PORTUGAL Y ESPAÑA EN LA C.E. 1986



Desde o punto de vista social, a integración en Europa facilitou a modernización cultural, a *asimilación de valores democráticos e o incremento do sentimento de identidade europea da sociedade española*. A estes cambios contribuíron a libre circulación de persoas, a supresión das fronteiras interiores (Espacio Schengen) e os **programas Erasmus**.

A incorporación de España foi clave no recoñecemento europeo da importancia de Iberoamérica e do Norte de África, no contexto das relacións da Unión. Ademais o goberno socialista de Felipe González impulsou xunto a Jacques Delors a política de cohesión social e política entre os distintos países e rexións comunitarias.

**A Acta Única de 1986** asumiu a realización do *mercado único cos obxectivos de unión económica e monetaria e da cohesión económica e social, institucionalizou o Consello Europeo e reforzou a Comisión e o Parlamento Europeo*.

Os poucos anos da integración na CEE avanzouse na **integración política cara á Unión Europea creada no Tratado de Maastrich de 1992**, polo que se unificaron, dunha banda, a *política exterior e de seguridade común*; doutra banda, a *cooperación policial e xudicial en materia penal*; e por outra, a integración económica e monetaria coa *creación do euro* (2002). Ademais a UE ampliouse ata 24 países en 2004 (2007: Bulgaria e Romanía. 2013: Croacia)



A creación da UE levaba engadidos o cumprimento duns **criterios de converxencia** (redución déficit público, estabilidade monetaria con baixa inflación) que significou un **duro plan de converxencia** que repercutiron negativamente nas condicións de vida e laborais dos traballadores e na redución drástica do sector público coa *privatización de empresas públicas, abaratamento do traballo e redución da carga fiscal sobre o capital*. O custo pois da integración recaeu sobre as rendas de traballo (salarios baixos) e o sector público da economía.

España ratificou a súa vontade de integración nunha Europa unida co seu **voto a favor da Constitución para Europa en referendo en 2005**. Sen embargo o rexeitamento de Francia e os Países Baixos ó proxecto de Constitución Europea levou a asinar o Tratado de Lisboa de 2007, que aínda que recollía parte das propostas do proxecto constitucional, evitaba calquera referencia ó termo Constitución.

**As dificultades para a Unión Europea** son evidentes a partir da *non unanimidade para a Constitución Europea, a crise do euro, a saída do Reino Unido en 2020, Brexit, o incremento do euroescepticismo e a resposta desigual dos países ante a Guerra de Ucraína*. Na actualidade os grandes retos da Unión Europea son o Acordo Verde Europeo, a cuestión dixital, a reordenación do sistema emigratorio e de asilo, a integración da defensa e a converxencia fiscal e financeira.

### Integración e participación na OTAN e na Política Internacional

A entrada de España na organización militar OTAN, Organización do Tratado do Atlántico Norte, é anterior á entrada na CEE. A colaboración cos Estados Unidos, líder da OTAN, iniciárase no franquismo cos Pactos de Madrid de 1953, que obrigaban á instalación de 4 bases militares dos EE.UU. en España e que significaba o fin do illamento internacional da España de Franco e o seu achegamento ó bloque occidental. **En 1982, o goberno de Calvo Sotelo**, mudando a política de Adolfo Suárez de achegamento ós países non aliñados e ó terceiro Mundo, **conseguiu a adhesión de España á OTAN**, na procura da *modernización das Forzas Armadas e acabar cos intentos golpistas dos militares*. A entrada de España na OTAN contaba coa oposición da esquerda, PSOE e PCE, partidos que utilizaron na súa campaña para as eleccións de 1982 o slogan: OTAN non (PSOE: OTAN, de entrada, non). O PSOE na campaña electoral de 1982 prometera a retirada da OTAN se gañaba as eleccións. Unha vez no poder, a posición do PSOE mudou, pois a retirada da OTAN non favorecía o obxectivo de ingreso na CEE. Felipe González pasou a pedir a continuidade na Alianza no referendo que se celebrou en 1986, comprometendo o seu prestixio político, ante o cambio da política de non integración na Alianza Militar que apoiaba a maioría dos militantes e seguidores do PSOE, insinuando a súa dimisión no caso de que fracasara o referendo.



## A VANGUARDIA



No referendo gañou o si a permanencia con 3 condicións: a de non integrarse na estrutura de mando militar (a incorporación á estrutura militar da OTAN integrada produciuse en 1999), non permitir armas nucleares no territorio español e reducir progresivamente a presenza de forzas norteamericanas en España (O convenio entre EE.UU e España en 1988 permitiu a redución de efectivos e instalacións norteamericanas en España que pasaron a estar baixo mando español).

Co ingreso na OTAN abriuse un novo horizonte para os militares españois que empezaron a ser reclamados para misións no estranxeiro. Tralo desmembramento militar do Pacto de Varsovia, España colaborou no proceso de ampliación da OTAN para a incorporación dos países de Europa Oriental. En 2022, despois da invasión de Ucraína por Rusia, celebrouse en Madrid o cumio da OTAN para celebrar os 40 anos da adhesión española. Neste cumio aprobouse o **novo Concepto Estratégico** para a próxima década, que se basea na *disuasión e prevención fronte a posibles ameazas, políticas, militares e económicas, especialmente de Rusia e de China*. Así como iniciar o proceso de adhesión á Alianza de Finlandia e Suecia.


**Desde 1955 España é membro da ONU.** Ó longo do tempo España foise implicando activamente nos organismos e axencias da ONU e comprometido cos principios da Carta das Nacións Unidas e a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Como membro da ONU *está comprometida co respecto ós dereitos humanos, a loita contra o terrorismo e coa Axenda 2030*. España, segundo a OCDE, é o 13 país do mundo que máis aportacións realiza en axuda oficial ó desenvolvemento, canalizada na súa maioría na Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) que se concentra fundamentalmente en América Latina e o Caribe (seguidos por África e, en menor medida, Oriente Próximo e Asia Menor). A meirande parte das *axudas están orientadas á loita contra a pobreza, o desenvolvemento sostible, a igualdade entre homes e mulleres, o respecto ó medio ambiente, a contribución á gobernabilidade democrática e a promoción dos dereitos humanos*.

#### Reapertura de Xibraltar

Desde principios dos anos 60, durante o franquismo, a diplomacia española promoveu a discusión sobre Xibraltar no seo da ONU coa esperanza de que a vaga de descolonización de África e Asia favorecese a súa pretensión de recuperación de Xibraltar. *Xibraltar foi incluída na lista de territorios non autónomos pendentes de descolonización e a ONU aprobou 2 resolucións para instar a Reino Unido e España para rematar coa situación colonial de Xibraltar*. Reino Unido negouse sistematicamente a ceder, nin sequera compartir, a soberanía sobre o **Peñón** (*En Xibraltar celebrouse un referendo sobre a soberanía en 1967 e en 1969, elaborouse unha Constitución, onde no seu preámbulo o Reino Unido manifestaba o seu compromiso de respectar os desexos dos xibaltareños*). O goberno español reaccionou co peche da fronteira entre España e Xibraltar en 1969, que permaneceu pechada ata 1985.

En relación coa entrada de España na CEE iniciáronse conversas entre o goberno de España e Reino Unido para normalizar a situación de Xibraltar, pois unha das condicións da entrada de España na CEE era a apertura da "Verja" de Xibraltar. **En 1984 os gobernos británico e español fixeron en Bruxelas unha declaración na que se contemplaba o seu compromiso para resolver o problema de Xibraltar e normalizar as comunicacións entre España e Xibraltar** (En 1982 xa se permitira o tránsito de peóns entre España e Xibraltar. En 1985 permitiuse o paso de vehículos. Ata 2006 non se restauraron os enlaces aéreos entre España e Xibraltar).

En canto á soberanía sobre Xibraltar, **en 2002 os gobernos de Reino Unido e España chegaron a un acordo para compartir a soberanía de Xibraltar**. A resposta do goberno de Xibraltar foi celebrar un referendo que rexeitou maioritariamente este acordo e defendeu o dereito de autodeterminación do pobo de Xibraltar. Como consecuencia o goberno británico manifestou a súa negativa a dialogar sobre a soberanía sen o consentimento do goberno do Peñón.



#### - Política Iberoamericana

O feito de compartir unha Historia, cultura e lingua comúns, posibilitou as relacións entre España e os países Iberoamericanos. En canto á Lingua, o **Instituto Cervantes** é a Institución pública que atende á conservación do patrimonio lingüístico e cultural común ós países hispanofalantes, ademais de promover o ensino, estudo e uso do español. Desde o punto de vista económico e político hai que destacar os **Cumios iberoamericanos** que se celebran desde 1991, desde 2014 cunha frecuencia bianual, que reúnen ós Xefes de Estado de 19 países de América e 3 europeos, Andorra, Portugal, España, que manteñen entre si vínculos culturais, históricos e económicos.

Nestes cumios, ademais de temas relacionados coa lingua e culturas comúns, abórdanse diversos aspectos como a integración comercial, a consolidación da democracia, educación e xuventude, inclusión social e desenvolvemento sostible... Ademais en Madrid ten a súa sede central a **Organización de Estados Iberoamericanos, OEI**, para a cooperación no campo da educación, ciencia, tecnoloxía e cultura. A actuación da EOI, *pola falta de medios, non pode incidir na integración económica e política dos diversos Estados*, sen embargo, pretende influír a través da educación e da cultura no desenvolvemento económico e democrático destes países. Os Estados Unidos crearon unha organización financeira internacional para promover o desenvolvemento económico e promover a integración comercial rexional en América Latina e o Caribe, o **Banco Iberoamericano de Desenvolvemento**, do que España é membro non prestatario.

#### - Participación na Guerra de Irak

Tralos **atentados do 11 de setembro de 2001** provocados pola organización terrorista de Al Qaeda de Bin Laden, o goberno norteamericano de George Bush provocou unha agresiva ofensiva militar contra os países considerados como promotores do terrorismo islámico e desmantelar o seu apoio ás organizacións yihadistas. **En 2003, tras ser acusado, falsamente, de posuír armas de destrución masiva, Irak foi invadido polos EE.UU.** O goberno de Aznar e o británico de Tony Blair, foron os países europeos que se comprometeron, tralo cumio das Azores, a colaborar militarmente con Bush. A participación de España na Guerra de Irak foi **moi criticada pola opinión pública española** con masivas manifestacións contra o goberno de Aznar que marcaron a caída do goberno do PP que se consumou tralos atentados do **11 M, 3 días antes das eleccións xerais do 14 de marzo**. A pésima xestión do goberno, que acusou falsamente a ETA da súa autoría e tentou por todos os medios que os medios de comunicación avalaran a súa versión, incidiu na vitoria do PSOE de Zapatero.

A presidencia do goberno de **Zapatero marcou unha nova política exterior**. En 2004 as tropas españolas retiráronse de Irak (causa dunha crise nas relacións entre EE.UU. e España) e aprobouse que calquera envío de tropas ó exterior debía ser previamente autorizado polo Congreso. España mantivo a súa presenza militar nas misións encomendadas pola ONU e incrementou a participación española en Afganistán. A política exterior de Zapatero potenciou un distanciamento da política exterior do Presidente Bush e a procura dun mellor entendemento con Europa, América Latina e o mundo árabe. Neste sentido, defendeu a idea da **Alianza das Civilizacións** co obxectivo do achegamento entre o mundo occidental e o mundo islámico, que debía basearse na cooperación antiterrorista, na corrección das desigualdades socioeconómicas e no diálogo cultural.

#### - Participación en misións de paz

España participou en misións recentes da OTAN para a vixilancia do espazo aéreo e a seguridade internacional contra o terrorismo e a piratería no mar Báltico, no Mar Negro, o Mediterráneo Oriental, golfo de Adén, Océano Índico.

Tamén colaborou noutras misións humanitarias e de paz por mandato da U.E. ou da ONU (Casco Azuis) en Haití, Angola, Namibia, Malí, Líbano, Centroamérica...

